

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE FACENDA

ORDE do 1 de marzo de 2018 pola que se determinan os centros históricos para os efectos das deducións previstas nos números 14 do artigo 5, e 6 e 7 do artigo 13 ter, do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo.

A Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, introduciu nos artigos 5 e 13 ter do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, unhas deducións no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e no imposto sobre o patrimonio, para revitalizar e poñer en valor os centros históricos. No IRPF créase unha dedución pola súa rehabilitación, e no Imposto sobre o Patrimonio, deducións pola afectación a actividades económicas de inmobles situados en centros históricos e pola participación nos fondos propios de entidades que exploten bens inmobles en centros históricos.

Para a aplicación destes beneficios fiscais hai que delimitar dunha forma clara o ámbito territorial que afecta, é dicir, hai que definir aquelas zonas consideradas centros históricos. A lei remítese a unha orde para esa delimitación concreta, mandato que esta norma cumpre.

A delimitación dos centros históricos para os efectos da aplicación destas deducións non se identifica exclusivamente cos que hoxe teñan a categoría de conxuntos históricos declarados ben de interese cultural, en dous sentidos: por unha banda, exclúense monumentos ou xacementos arqueolóxicos sen sentido de agrupación urbana, xa que o que se pretende é dinamizar centros urbanos e, por outra, amplíase a outros ámbitos que teñen as características de centro histórico segundo unha evolución urbana ao longo do tempo con características tipolóxicas e estruturais recoñecibles da súa época e un conxunto de valores culturais. Deste xeito, fórmanse tres grupos de centros históricos, segundo a súa tipoloxía:

1. Áreas con declaración de ben de interese cultural (BIC) na modalidade de «conxuntos históricos», agás monumentos ou xacementos arqueolóxicos singulares sen sentido de agrupación urbana.



2. Áreas con declaración de ben de interese cultural (BIC) noutras modalidades distintas de «conxuntos históricos» pero con sentido de agrupación urbana encaixable na actual definición de centro histórico.

3. Áreas sen declaración de ben de interese cultural cuxa estrutura urbana compacta e valor cultural como centro histórico contan cunha protección específica mediante a súa inclusión como conxuntos catalogados e dentro dunha iniciativa de fomento da actividade de rehabilitación de vivenda.

Para a delimitación xeográfica de cada centro histórico acúdese a delimitacións xa existentes, coa finalidade de simplificar a súa aplicación; para tales efectos, utilízanse aquelas delimitacións que máis se adecúen á finalidade destas deducións. Para iso utilízanse fundamentalmente as delimitacións previstas nos plans especiais de protección para os centros históricos do grupo 1, as previstas nos plans xerais municipais para os centros históricos do grupo 2 e as previstas nas áreas de rehabilitación integral (ARI) para os do grupo 3.

De conformidade coa doutrina constitucional sobre a retroactividade das normas tributarias, tendo en conta que se trata da regulación dun aspecto necesario para a aplicación de beneficios fiscais establecidos nunha lei que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2018, establécese a súa aplicación retroactiva desde esa mesma data.

A presente orde consta dun artigo único, dunha disposición transitoria única que establece a súa aplicación retroactiva e dunha disposición derradeira única sobre a entrada en vigor. O seu contido adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia que establece o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade coa competencia atribuída no artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co Consello Consultivo de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo único. Centros históricos a que se refiren os números 14 do artigo 5 e 6 e 7 do artigo 13 ter do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Ga-



licia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo:

1. Os centros históricos a que se refiren os números 14 do artigo 5 e 6 e 7 do artigo 13 ter do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, serán os enumerados no anexo, delimitados de acordo cos instrumentos xurídicos que se sinalan para cada centro histórico.

2. A pertenza do ben inmovible a un centro histórico acreditarase mediante certificado emitido polo concello correspondente de que o ben inmovible está situado dentro da delimitación fixada no anexo.

Disposición transitoria única. *Aplicación retroactiva*

Esta disposición será de aplicación con efectos do 1 de xaneiro de 2018.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018

Valeriano Martínez García
Conselleiro de Facenda

ANEXO Relación de centros históricos

Centro histórico	Concello	Delimitación	Aprobación
Aldeas e lugares de Santa Mariña de Augas Santas	Allariz	Área de rehabilitación integral xeral	16.9.2015
Allariz	Allariz	Plan especial do núcleo histórico	9.5.1995
Baiona	Baiona	Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico	2.6.2011
Betanzos	Betanzos	Plan especial de protección e ordenación do núcleo histórico	2.12.1992
Pazos de Arenteiro	Boborás	Plan xeral de ordenación municipal 204. Conxunto histórico de Pazos de Arenteiro	16.9.2011
Núcleo urbano de Santo Tomé	Caldas de Reis	Área de rehabilitación integral	19.1.2017



Centro histórico	Concello	Delimitación	Aprobación
Cambados	Cambados	Plan especial de protección e ordenamento do conxunto histórico de cambados	30.12.1999
Núcleo antigo e zona ampliada de Cangas	Cangas	Área de rehabilitación integral	11.4.2001
Castro Caldelas	Castro Caldelas	Plan especial de protección e ordenación do conxunto histórico	17.11.1994
Castro de Rei	Castro de Rei	Delimitación do solo urbano	1.4.1977
Contorna do Mosteiro de San Salvador de Celanova e do burgo medieval de Vilanova dos Infantes	Celanova	Área de rehabilitación de conxunto histórico	24.10.2002
Núcleo antigo de Chantada	Chantada	Área de rehabilitación integral	5.6.2000
Corcubión	Corcubión	Plan especial do conxunto histórico	9.4.1991
Coruña (A)	Coruña (A)	Revisión e adaptación do Plan especial de protección e reforma interior da Cidade Vella e Pescadería	26.1.2015
Núcleo de San Vicenzo de Elviña	Coruña (A)	Área de rehabilitación integral xeral	22.7.2015
Barrio da Graña	Ferrol	Área de rehabilitación integral	6.6.2005
Barrio da Madalena	Ferrol	Plan especial de reforma interior do barrio da Magdalena	27.9.2007
Barrio de Esteiro Vello	Ferrol	Área de rehabilitación integral xeral	22.7.2015
Ferrol Vello	Ferrol	Plan especial de protección e rehabilitación do barrio de Ferrol Vello	16.12.2015
Núcleo antigo de Lourenzá e áreas de respecto	Lourenzá	Área de rehabilitación integral xeral	29.1.2003 16.9.2015
Lugo	Lugo	Plan especial de protección e reforma interior do recinto amurallado	3.2.1997
Manzaneda Fortaleza de Manzaneda (BIC)	Manzaneda	Proxecto de ordenación do medio rural Such (solo urbano de núcleo histórico plano iii.4.1.1)	27.6.2003
Zona vella e barrio da Banda do río Lameira	Marín	Área de rehabilitación integral xeral	7.7.2011 16.9.2015
Núcleo antigo de Meira Mosteiro de Santa María de Meira (Ben de interese cultural)	Meira	Plan xeral de ordenación urbana Núcleo antigo (Plano zonificación 1)	29.12.1977
Mondoñedo	Mondoñedo	Área de rehabilitación de centro histórico. Núcleo histórico de Mondoñedo e barrios históricos de S. Lázaro e Os Muíños	23.4.1998
Monforte de Lemos	Monforte de Lemos	Área de rehabilitación integral xeral conxunto histórico e zonas de respecto no concello de Monforte de Lemos. Ampliada	25.4.2003 22.7.2015
Núcleos de Mugardos e O Seixo	Mugardos	Área de rehabilitación integral	17.4.2006
Muros	Muros	Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico	9.5.2008



Centro histórico	Concello	Delimitación	Aprobación
Conxunto histórico de Neda	Neda	Área de rehabilitación integral	17.11.2003
Noia	Noia	Plan especial de protección e reforma interior de núcleo histórico	30.6.1998
O Castro Fortaleza do Castro (Ben de interese cultural)	O Barco de Valdeorras	Plan xeral de ordenación municipal Pep-1 O Castro (delimitación plano 2.3 folla 8 de 31)	27.6.2003
As Burgas	Ourense	Plan especial de protección do ben de interese cultural con categoría de sitio histórico do conxunto Fontes termais das Burgas e o seu contorno delimitado	20.1.2012
Núcleo de Seixalbo	Ourense	Area de rehabilitación de conxunto histórico	24.10.2003
Ourense	Ourense	Plan especial de protección e reforma interior núcleo histórico	13.9.1996
Núcleo urbano histórico de Padrón	Padrón	Área de rehabilitación integral	14.11.2003
O Cebreiro Pallozas do Cebreiro (Ben de interese cultural)	Pedrafita do Cebreiro	Plan xeral de ordenación municipal Área de protección de conxunto histórico Plano de ordenación número 2	3.2.2010
Combarro	Poio	Plan especial de Combarro e Catálogo de edificios e conxuntos do termo municipal	25.9.2001
Pontedeume Comarca eumesa e Torreón dos Andrade (Ben de interese cultural)	Pontedeume	Plan xeral de ordenación municipal. Ámbito Pe-1 do Plan especial de protección e rehabilitación do núcleo histórico	27.5.2016
Núcleo de Estribela	Pontevedra	Área de rehabilitación integral	3.5.2007
Pontevedra	Pontevedra	Plan especial de protección, reforma interior e conservación artística do conxunto histórico-artístico	27.2.2003
Núcleo urbano de Quiroga	Quiroga	Área de rehabilitación integral xeral	19.10.2009 16.9.2015
Rianxo, Rianxiño y A Fincheira	Rianxo	Área de rehabilitación integral	5.5.2008
Núcleo antigo de San Cristovo de Ribadavia	Ribadavia	Área de rehabilitación integral	9.7.2008
Ribadavia	Ribadavia	Plan especial de reforma interior do núcleo histórico	25.2.1999
Núcleo de Rinlo	Ribadeo	Área de rehabilitación integral	16.3.2009
Ribadeo	Ribadeo	Plan xeral de ordenación municipal Ámbito Plan especial de protección e reforma interior-1	14.11.2014
Barrios orixinarios de San Cibrao das Viñas	San Cibrao das Viñas	Área de rehabilitación integral xeral	16.9.2015
Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica Pe-1	24.3.1997
Núcleo antigo de Sarria	Sarria	Área de rehabilitación integral	3.10.2003



Centro histórico	Concello	Delimitación	Aprobación
Tui	Tui	Plan xeral de ordenación municipal (Ámbito Plan especial de protección de conxunto histórico-artístico)	26.1.2011
Barrio de San Lázaro e núcleo antigo de Verín	Verín	Área de rehabilitación integral	17.4.2006
Núcleo histórico de Bouzas	Vigo	Área de rehabilitación integral	25.3.2003
Vigo	Vigo	Plan especial de protección e reforma interior do núcleo vello de vigo	12.4.2007
Zona vella de Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa	Área de rehabilitación integral	19.10.2009
Núcleo de Carril	Vilagarcía de Arousa	Área de rehabilitación integral	2.3.2007
Núcleo de Vilaxoán	Vilagarcía de Arousa	Área de rehabilitación integral	2.3.2007
Zona antiga e zona ampliada de Vilalba	Vilalba	Área de rehabilitación integral	13.9.2000
Núcleo de Vilar de Santos	Vilar de Santos	Área de rehabilitación integral rural	21.6.2011
Praza de Santa María do Campo de Viveiro	Viveiro	Plan especial de protección e de reforma interior do núcleo antigo	7.8.1997
Conxunto histórico de Xunqueira de Ambía	Xunqueira de Ambía	Área de rehabilitación integral xeral	16.9.2015

